

SEPE

Reunión de Mesa Delegada

28/04/2026

## **Parches centristas fronte á falta de persoal e o desprezo ao galego**

Na última reunión da Mesa Delegada, o SEPE presentou medidas que, baixo palabras amables, agochan a realidade de sempre: máis carga de traballo e menos respecto pola nosa realidade nacional.

### **1. Unidade de Apoio á Cita Previa: Máis Madrid, menos servizo local**

A Administración anunciou a creación dunha nova unidade destinada, teoricamente, a apoiar ás provincias máis castigadas pola falta de persoal ou por picos de traballo. De xeito inmediato, o servizo comezará a funcionar grazas a 30 efectivos voluntarios de diferentes provincias que realizarán as tarefas mediante teletraballo. Porén, esta solución é só temporal: o obxectivo final do SEPE é ubicar fisicamente a oficina en Madrid e desconcentrar postos vacantes de diversas provincias —maioritariamente do grupo A2 e nivel 20— para sacar as prazas a concurso a finais de ano. O labor desta unidade consistirá en atender telefonicamente as citas da cidadanía en horario de atención ao público e resolver presolicitudes fóra de devandito horario.

Dende a **CIG** denunciámos que esta medida non é máis que un parche centralista que non resolve o baleirado de persoal que sufrimos cada ano; é, simplemente, repartir a escaseza entre menos mans. Ademais, resulta indignante que non se vaia permitir a atención nas linguas propias: para o Estado, a nosa cidadanía non ten dereito a ser atendida en galego nin sequera por teléfono, unha proba máis dunha xestión que ignora a nosa identidade e as nosas necesidades reais aquí en Galiza.

### **2. Riscos Psicosociais: A túa saúde importa, pero só se é en castelán**

O SEPE informou do cambio no sistema de avaliación de riscos laborais a través do método FPSICO 4.1. A pesar de que esta ferramenta está adaptada tecnicamente aos idiomas cooficiais, o organismo decidiu que en Galiza se utilice exclusivamente en castelán, impondo unha vez máis esa visión uniformizadora que marxina a nosa lingua mesmo no ámbito da saúde. É fundamental que todo o persoal participe na enquisa específica que se pasará no mes de maio; o resultado será a proba obxectiva de que os riscos existen e constituirá a nosa mellor ferramenta de presión para esixir medidas correctoras. Se non contestamos todas e todos, facilitaremoslle á Administración a escusa de que a situación nas oficinas é óptima cando a realidade é ben distinta.

### **Conclusión**

Dende a **CIG** rexeitamos que a "modernización" do SEPE pase por centralizar servizos en Madrid e por seguir marxinando o galego. O traballo non se soluciona con unidades de apoio telefónico, senón con recursos e prazas cubertas aquí, na nosa nación.